



ACTA DO EXAME DE OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN CAPATAZ FORESTAL DENTRO DO PROGRAMA APROL RURAL 2021

En atención ao disposto no Decreto nº 632/2021 de data 15/07/2021, constitúese o tribunal para a cualificación do proceso para a contratación laboral temporal a xornada completa mediante o sistema de oposición dun capataz forestal dentro do programa APROL Rural 2021.

En data 19/07/2021, ás 16:00 horas, reuniuse o tribunal no Salón de Plenos do Concello de Coristanco, composto polas seguintes persoas:

- D. Ignacio Pensado González, Presidente do tribunal.
- D. Juan García Velo, Vocal do tribunal.
- D. Marcos Porteiro Pensado, Vocal do tribunal.
- D^a M^a Dolores Andrade Amigo, Secretaria do tribunal.

Ás 16:30 horas do día 19/07/2021 procede a realizarse o chamamento aos aspirantes admitidos, comprobando a súa identidade a través da presentación do DNI, co seguinte resultado:

- D^a Mirian Gándara Blanco: ASISTE.
- D. Pablo Outón Barbazán: NON ASISTE.
- D^a Paula Quintáns Prieto: NON ASISTE.
- D. Jacobo Rodríguez Pallas: NON ASISTE.

Procedeuse a facerlle entrega á aspirante presentada a documentación do exame para a súa realización.

Ás 16:55 horas, remata e presenta o exame ao tribunal a opositanda.

Procede o tribunal á súa calificación, co seguinte resultado:

- D^a Mirian Gándara Blanco: 9,00 puntos (non se utilizan as preguntas de reserva).

Tendo en conta que no punto oitavo das Bases reguladoras deste proceso establece que unicamente se realizará unha proba consistente nun exame e que a aspirante ten presentado o CELGA 4, sen que se faga necesaria ningunha outra proba.

O tribunal, á vista de todo o anterior, propón ao Sr. Alcalde como órgano de contratación, tal e como se esixe nas Bases 10 e 11 reguladoras deste proceso, a contratación de D^a Mirian Gándara Blanco como Captaz Forestal mediante a contratación laboral temporal e a xornada



completa dentro do programa APROL Rural 2021.

Tendo en conta que non se teñen presentado máis candidatos ao proceso selectivo, non é posible relatar unha bolsa de traballo para posibles substitucións dentro do APROL Rural 2021.

E para que así conste, aos efectos oportunos, asínase esta acta polos membros do tribunal, sendo as 19:00 horas do día 19/07/2021.